

**Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización político-administrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas)**

A conquista romana da Península ibérica iniciouse no contexto da Segunda Guerra Púnica e produciuse en paralelo á romanización ou asimilación da cultura e modo de vida romano.

**Etapas da conquista.** Desenvolveuse en catro fases:

**a) 218-206 a.C.** Ocupación da franxa mediterránea e o val do Guadalquivir.

**b) 197-177 a.C.** Expansión cara ao interior peninsular. Campañas de Catón e Sempronio Graco.

**c) 154-133 a.C.** Avance sobre a Meseta e o litoral atlántico. Resistencia dos lusitanos con Viriato e dos celtíberos en Numancia. Décimo Xuno Bruto, *o Galaico*, atravesou o río Limia (137-136 a.C.) e Xulio César dirixiu unha expedición desde Gades que chega ata Brigantium (actual Coruña, 61-60 a.C.).

**d) 29-19 a.C.** Tras as **guerras cántabras**, dirixidas polo emperador Octavio Augusto, derrota dos cántabros, ástures e galaicos. Fin da conquista.

**Elementos de romanización.** A intensidade da romanización non foi uniforme, sendo máis intensa nas zonas que primeiro foron conquistadas e que estaban máis próximas a Roma.

- **Organización político-administrativa do territorio.** Para asegurar o control do territorio, a explotación das fontes de riqueza, administrar xustiza, recadar impostos e manter a paz, os romanos estableceron diferentes unidades político-administrativas: provincias, *conventus* e *civitas*. As provincias, dirixidas por un gobernador nomeado por Roma e que englobaban a varios *conventus* e *civitates*, variaron co tempo desde as dúas iniciais (Ulterior e Citerior) ata as seis de finais do século IV (*Baetica, Lusitania, Tarraconensis, Cartaginensis, Gallaecia, Balearica*). Agrupábanse formando a Diocese das Hispanias. Os conventus eran unidades administrativas de carácter xudicial, de recadación de impostos e de recrutamento de tropas. O *conventus lucensis* correspondía basicamente coa Galicia actual. As civitates eran as unidades básicas do sistema romano, formadas polo núcleo urbano e un territorio circundante e podían ser de varios tipos segundo o seu estatuto xurídico (colonias, *municipia*). Na actual Galicia destaca a cidade de *Lucus Augusti* (Lugo).

- **Lingua e cultura.** Os conquistadores impuxeron a súa lingua, o latín, sobre as linguas autóctonas e da súa evolución xurdirán as linguas románicas (galego, castelán, catalán). A cultura romana foi asimilada polos pobos prerromanos con diferente intensidade, así como a relixión oficial (culto ao emperador e a Xúpiter, Xuno e Minerva) e, dende o século III d.C., o cristianismo, que se estendeu con rapidez na Península a pesar das persecucións ordenadas polos emperadores e a aparición das primeiras herexías, entre as que destacou o priscilianismo.

- **Obras públicas.** Son numerosos os restos conservados, mostra do gran desenvolvemento da enxeñaría romana: calzadas, acuedutos (Segovia), pontes (Alcántara no Texo), teatros e anfiteatros (Mérida, Itálica, Tarragona), etc. En Galicia, destacan as murallas de Lugo –o mellor recinto conservado do Imperio– e a Torre de Hércules –o faro máis vello do mundo en funcionamento–, ambas declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.